

CARTA DO VALEDOR/PROVEDOR TRANSFRONTEIRIZO CERVEIRA-TOMIÑO

Art. 1º - Valedor/a Transfronteirizo Cerveira-Tomiño

O Valedor/ Provedor Transfronteirizo Cerveira-Tomiño ten por función garantir a defensa e a consecución dos dereitos e intereses particulares dos residentes de Vila Nova de Cerveira e Tomiño como cidadáns europeos transfronteirizos perante os órganos e servizos municipais dos Concellos de Vila Nova de Cerveira e Tomiño.

Art. 2º - Valedor/a Transfronteirizo/a Cerveira-Tomiño

O valedor/a ou Provedor/a Transfronteirizo/a Cerveira-Tomiño é constituído por dúas persoas, un cidadán portugués e un cidadán español, residentes nos respectivos concellos, sendo designados polo Concello de Vila Nova de Cerveira e pola Alcaldía do Concello de Tomiño.

Art. 3º - Autonomía e Imparcialidade

O Valedor/Provedor Transfronteirizo exerce a súa actividade con autonomía e imparcialidade fronte aos órganos municipais.

Art. 4º - Condicións de elixibilidade

O Valedor/Provedor Transfronteirizo debe reunir todas as condicións de elixibilidade previstas nas respectivas leis Portuguesa e Española para os membros dos órganos municipais e gozar de recoñecida reputación de integridade moral e cívica.

Art. 5º - Incompatibilidades

Ao Provedor /a Transfronteirizo non é aceptábel o exercicio de actividade partidaria, mentres estiver investido destas funcións.

Art. 6º - Estatuto Remuneratorio

1. O Provedor/a Transfronteirizo exerce as súas funcións a título gratuito.

2. Eventuais gastos, no exercicio da función, debidamente documentadas seranlle pagadas, despois de aprobadas polo CGE.
3. Eventuais traslados, no exercicio da función, serán soportadas polo Municipio desde que previamente autorizadas respectivo órgano municipal.

Art. 7º - Designación

O Provedor/a Transfronteirizo é designado polos respectivos órganos municipais competentes, so proposta do Comité de Xestión Estratéxica Cerveira-Tomiño, constituído polo Alcalde de Vila Nova de Cerveira e pola Alcaldesa do Concello de Tomiño.

Art. 8º - Posesión

O Provedor/a Transfronteirizo toma posesión perante o Alcalde de Vila Nova de Cerveira e a Alcaldesa de Tomiño.

Art. 9º - Mandato

O mandato do Provedor /a Transfronteirizo coincide co mandato do respectivo órgano municipal que o designa, non podendo ser renovado por máis dunha vez.

Art. 10º - Cesamento de Mandato

As funcións do Provedor Transfronteirizo cesan antes do cuadrenio nos seguintes casos:

- a) Morte ou imposibilidade física permanente;
- b) Perda dos requisitos de elixibilidade fixados para polos demandantes aos órganos dos gobernos autónomos local;
- c) Renuncia, a través de carta dirixida ao respectivo órgano municipal que o designou;
- d) Destitución fundamentada, aprobada respectivo órgano municipal que o designou.

Art. 11º - Competencias

No ámbito da promoción da cidadanía transfronteiriza entre os Concellos de Vila Nova de Cerveira e Tomiño, compete ao Provedor Transfronteirizo:

- a) Recibir queixas, reclamacións e suxestións relativas ás relacións transfronteirizas entre os Concellos de Vila Nova de Cerveira e Tomiño;
- b) Emitir informes, recomendacións e suxestións no ámbito das súas competencias, enviándoos ao Comité de Xestión Estratéxica Cerveira-Tomiño;
- c) Dar información, a solicitude do Comité de Xestión Estratéxica Cerveira-Tomiño, sobre calquera materias relacionadas coa súa actividade;
- d) Elaborar semestralmente un informe da súa actividade, remitíndoo ao Comité de Xestión Estratéxica Cerveira-Tomiño e aos respectivos órganos municipais.

Art. 12º - Deber de Colaboración

1. O Concello de Vila Nova de Cerveira e o Concello de Tomiño deben prestar ao Valedor/Provedor Transfronteirizo toda a colaboración que lles for solicitada para o bo desempeño das súas funcións.
2. O Valedor/Provedor Transfronteirizo pode fixar por escrito prazo de resposta, non inferior a dez días útiles, para satisfacción das cuestións solicitadas ás entidades previstas no apartado anterior;
3. O Provedor Transfronteirizo ten acceso a todos os datos e documentos municipais, dentro dos límites da lei, e pode desprazarse libremente aos locais de funcionamento dos servizos.

Art. 13º - Iniciativa

O Provedor Transfronteirizo exerce as súas funcións mediante queixa, reclamación ou por iniciativa propia, relativamente a feitos que por calquera modo ou forma cheguen ao seu coñecemento e xustifiquen a súa intervención.

Art. 14º - Deber de Resposta

1. As queixas, reclamacións e suxestións poden ser presentadas por escrito ou oralmente, mediante a debida identificación dos seus autores.
2. As queixas, reclamacións e suxestións presentadas oralmente deben ser reducidas a escrito e asinadas polos propios sempre que saiban e poidan facelo. As queixas presentadas por vía electrónica, desde que debidamente identificadas, mesmo non asinadas considéranse como tal.
3. Deben ser comunicadas ao queixoso ou reclamante, polo Valedor/Provedor Transfronteirizo, no prazo máximo de vinte días habiles, as dilixencias efectuadas e eventuais conclusións.

Art. 15º - Límites de Intervención

1. O Valedor/Provedor Transfronteirizo aprecia as queixas, reclamacións e suxestións sen poder decisorio, dirixindo aos órganos municipais competentes de Vila Nova de Cerveira e Tomiño, as recomendacións necesarias para previr e reparar os fallos detectadas.
2. O Provedor Transfronteirizo non ten competencia para anular, revogar ou modificar calquera tipos de actos das entidades referidas no Art. 1º e a súa intervención non suspende o decurso de prazos, designadamente os de reclamacións, recursos xerárquicos e contenciosos.

Art. 16º - Gravames

- 1.-Nos respectivos Orzamentos Municipais de Vila Nova de Cerveira e Tomiño deben ser inscritas cláusulas para a consecución das funcións do Valedor/Provedor Transfronteirizo e respectivo apoio.

Art. 17º - Interpretación e Integración do Regulamento

A interpretación da presente Carta Constitutiva, ben como a integración de lagoas e a resolución de casos non contemplados na presente carta, cabe aos respectivos órganos municipais que o aprobaron.

Art. 18º - Entrada en Vigor

A presente Carta Constitutiva entra en vigor a partir da data da súa aprobación.

Art. 19º - Acceso público

Para que poida ser de fácil acceso a todo os cidadáns interesados, debe ser colocado no sitio da internet da Amizade Cerveira-Tomiño e de ambos os Concellos Municipio, un link con conexión ao Proveedor Transfronteirizo

Tomiño, Febreiro de 2017